





Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

PRESENTACIÓN

II EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE

A Asociación de Xóvenes Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegal nace no ano 2003 a iniciativa dun grupo de empresarios que se unen non só para representar e defender os intereses profesionais dos seus membros senón tamén, para promover e fomentar a cultura empresarial e emprendedora da Comarca, coa finalidade de estimular o autoemprego e contribuír dalgún xeito a mellorar a situación económica e industrial actual.

*Dende esta posición privilexiada de contacto continuo e acercamento cos empresarios e emprendedores da comarca, AJE Ferrolterra vai organizar a **II Edición Premios Ferrolterra Emprende** co obxecto de premiar a laboura dos empresarios xóvenes e o seu espírito de loita, fomentar a cultura empresarial, colaborar no desenvolvemento do noso entorno..... valorando o conxunto de atributos que levan a que unha empresa este consolidada e sexa viable.*

Os premiados de esta edición beneficiaranse da posibilidade de optar ao Premio Xoven Empresario de Galicia que se organiza de maneira anual pola Federación Galega de Xóvenes Empresarios (FEGAXE)

*Este evento terá lugar o **23 de novembro no “Centro Torrente Ballester” en Ferrol** e polo anteriormente citado dende a nosa Asociación consideramos crucial a participación dos diferentes axentes sociais e económicos de Ferrolterra*

Ademais consideramos que é unha oportunidade de comunicación e conexión na traxectoria de todos os nosos asociados, por elo creemos moi valioso contar coa vosa presenza para intercambiar intereses e inquietanzas que é realmente o verdadeiro destino de AJE Ferrolterra.

Atentamente

Cristóbal Dobarro Gómez

(Presidente AJE Ferrolterra)



Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

BASES DO CONCURSO

II EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE

Primeira: Requisitos dos candidatos

Poderán ser candidatas a participar no Premio todas as empresas radicadas nas Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, tanto persoas físicas como xurídicas, sempre e cando un dos empresarios ou directivos da empresa non superen os 41 anos de idade.

Non poderán presentarse como candidatos ao Premio os actuais membros da Xunta Directiva da Asociación.

Segunda: Premio

Outorgarase un único Premio: Premio ao Emprendedor do ano, emprendedor que teña unha empresa constituída, calquera que sexa a súa forma xurídica, con establecemento mercantil na nosa comarca independentemente da súa actividade principal e do seu sector empresarial.

O xurado resérvase o dereito de outorgar mención de honor o accésit se a calidade do proxecto así o xustifique.

En ningún caso, o premio, poderá declararse deserto.

Terceira: Ámbito territorial

As empresas candidatas deberán ter establecemento mercantil nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Cuarta: Procedemento do concurso

Unha vez finalizado o prazo de presentación das candidaturas, día 18 de novembro antes das 19h, celebrarase un acto, previo ao Premio, no cal as empresas participantes terán a oportunidade de presentar ante algún dos membros do xurado e ante os medios de comunicación o proxecto candidato.

No caso de existir un número elevado de candidaturas a Asociación resérvase o dereito de realizar unha preselección dos proxectos elevando ao xurado as empresas finalistas que elixirá o gañador do premio no acto celebrado o 23 de Novembro do 2011.



Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

Quinta: Criterios de valoración

O xurado conta coa total liberdade de criterio para a concesión do Premio, tendo en conta os seguintes criterios:

- *Creación de emprego estable.*
- *Innovación do proxecto.*
- *Grao de proxección Provincial, Autonómica, Nacional ou Internacional da empresa.*
- *Conciliación laboral e familiar, respecto polo Medio Ambiente, Políticas e Igualdade de Xénero...*
- *Grao de implicación no asociacionismo empresarial.*
- *Volume da inversión realizada.*
- *Incremento de volume de mercado.*

Sexta: Xurado

O Xurado que emitirá o fallo estará composto por diversas personalidades do mundo empresarial, financeiro e institucional que se irán actualizando a medida que a organización confirme dichos servicios.

As decisións do Xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. No caso de empate decidirá o voto de calidade o Presidente do Xurado.

Sétima: Dotación do Premio

O premio constará de unha única categoría, dotada dun ciclo de actividades formativas enfocadas a directivos de empresas dependendo do perfil do gañador.

O xurado resérvase o dereito de outorgar mención de honor o accésit se a calidade do proxecto así o xustifique.

Oitava: Documentación

- *Modelo normalizado de presentación de candidaturas firmado e selado que poderán recoller na sede da Asociación ou na nosa páxina web.*
- *Memoria descritiva do proxecto empresarial.*
- *Documentación creativa.*
- *Declaración xurada da veracidade dos datos facilitada por AJE Ferrolterra.*



Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

A presentación desta declaración non exclúe posteriores comprobacións de documentos acreditativos que puidera levar a cabo o comité organizador para a verificación de datos.

Unha vez que a empresa sexa considerada FINALISTA:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- Logotipo da empresa en formato vectorial ou JPEG que se remitirá por correo electrónico a premio2011@ajeferrolterra.org
- Pequena descrición da empresa (en aproximadamente tres frases).
- Tres fotografías da empresa para presentación.
- Declaración simplificada do Balance Anual.
- Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Optativa

- Fotocopias de calquera tipo de certificación da empresa (calidade, protección de datos, prevención de riscos laborais, premios.)
- Folletos ou dossieres publicitarios, anuncios, mencións e aparicións en prensa...

As empresas participantes poderán achegar toda a documentación que consideren oportuna para a correcta avaliación do seu proxecto.

AJE Ferrolterra resérvase o dereito de reclamar toda a documentación referida ou que estime oportuna para facilitar a realización da elección das empresas finalistas.

Novena: Prazo e lugar de presentación de candidaturas

Deberá presentarse persoalmente o Modelo Normalizado de Presentación de Candidaturas, que se pode recoller na Sede da Asociación no Cantón de Molíns 8-9 Entrechán. Tamén pode remitir o Modelo por correo certificado ou por correo electrónico a premio2011@ajeferrolterra.org

O prazo para a entrega da documentación será ata o día 18 de novembro ás 19 horas.



Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

Décima: Confidencialidade do xurado

A documentación facilitada polos participantes estará a disposición exclusivamente para o estudo por parte do xurado e será confidencial, reservándose a Asociación o dereito a facer uso dos nomes dos participantes, imaxe corporativa e material gráfico en relación á promoción do Premio.

Os datos obtidos, co consentimento expreso do interesado, serán utilizados única e exclusivamente para o bo fin do presente II Premio Ferrolterra Emprende.

O interesado pode exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación en térmonos previstos por a Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal mediante carta a Cantón de Molíns 8-9 Entrechán axuntando a fotocopia do D.N.I.





Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

SOLICITUD PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Tanto a información contida nesta ficha como a documentación axuntada pola empresa, terán un tratamento estritamente confidencias, e será utilizada exclusivamente para o análise da súa candidatura.

1. IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

1.1 DATOS DO CANDIDATO

Nome e apelidos:

Data de Nacemento

Nome da Empresa

Cargo

Dirección da Empresa

Localidade

Provincia

Código Postal

Teléfono

Fax

E-mail

Páxina web

Actividade da Empresa

Nº de Socios

Firma:



Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

2.MEMORIA EXPLICATIVA O ACTIVIDADE ECONÓMICA DO PROXECTO

2.1 INFORMACIÓN DA EMPRESA

1.- Breve descripción da actividade que desenvolve o seu negocio, cos servicios ou productos que ofrece.


2.- Sector Empresa.

3.- Actividade da Empresa

4.-Código CNAE da Actividade Empresarial principal

5.- Ano de fundación da empresa

6.- Porcentaxe da empresa que posúe o candidato



No caso de que posúa o 100% da empresa, indicar con quen comparte a dirección (nº socios)



Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

7. Estructura legal da empresa e organización:

Sociedade Anónima:	SI	NON
Sociedade Limitada:	SI	NON
Outras (indicar cal):		
É a túa primeira empresa:	SI	NON
Socio doutras empresas:	SI	NON
Empresa Familiar:	SI	NON

II Edición
PREMIOS
"Ferrolterra Emprende"

2011

Resumo da súa imaxe Corporativa e Publicitaria (tipo de publicidade, deseño do logotipo, técnicas de marketing)



Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

2.2 INFORMACIÓN SOCIAL DA EMPRESA

Contratación de mulleres: *SI NON*

Contratación de minusválidos: *SI NON*

Contratación de Xoves (menores de 30): *SI NON*

Nº de traballadores

Nº de traballadores con contrato indefinido respecto do total:

Implantación de sistemas medioambientais:

EMAS

ISO

OUTROS

Implantación de medidas de conciliación laboral: *SI NON*

Desenvolvemento de Medidas en Prevención de Riscos: *SI NON*

Implantación da Protección de Datos: *SI NON*

Medidas de Responsabilidade Social Corporativa: *SI NON*

Inversións realizadas en I+D+i: *SINON*

En caso afirmativa indicar a cantidade e concepto

Uso das novas tecnoloxías: *SI NON*

En caso afirmativo, indicar cales:

***** Ós efectos de comprobar estes datos, solicitarase a Declaración Simplificada do Balance Anual, no caso de ser elixida empresa FINALISTA.**



Ferrolterra
Jóvenes Empresarios

ANEXO

DECLARACIÓN XURADA

Eu, con DNI, En
representación da empresa.....

II Edición
PREMIOS
"Ferrolterra Emprende"
DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que tódolos datos contidos no Modelo de Presentación da Candidatura á Asociación de Xoves Empresarios de Ferrolterra son verídicos, salvo erro ou omisión.

Que son coñecedor das bases da II EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE e que as acepto.

Esta declaración realizase para que conste a efectos de participar na II EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE.

En , a de do 2011.

Asdo.